



XUNTA
DE GALICIA



Colexio Público de Infantil e Primaria
"HUMBERTO JUANES"
Rúa Curros Enríquez, nº 2 (Vilameán)
36350 Nigrán



886110378 -- 886110379

E-MAIL

ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es

WEB

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceiphumbertojuan.es>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATEMÁTICAS

5º

ANO ACADÉMICO:
2020/2021

ÍNDICE

1.CONTEXTO	2
2.SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	4
2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.	
2.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	
3.METODOLOXÍA PRESENCIAL	8
4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL.....	9
5. AVALIACIÓN	9
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	11
7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	22
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	25
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	26
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	27
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	29

1. CONTEXTO

• CENTRO:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

• ALUMNADO

Poboación inmigrante:

En relación ao alumnado procedente do estranxeiro cabe sinalar que é unha poboación moi pequena no noso centro e de diversas procedencias: Uruguay, Cabo Verde, Vietman, Suiza, Brasil, China,...a situación de cada unha das familias é variopinta, emigrantes retornados, por negocios, acollidas, adopcións,...

Alumnado con NEAE no curso actual:

Na actualidade, e segundo o departamento de orientación, temos un total de 24 casos diagnosticados que están escolarizados no centro e en tramitación de becas para axuda externa. Aínda así hai alumnos que están pendentes de diagnóstico.

• **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

a)	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b)	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c)	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d)	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e)	Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
f)	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g)	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h)	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i)	Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j)	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k)	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l)	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m)	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da

	personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n)	Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o)	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Os estándares imprescindibles que quedaron sen traballar/acadar no curso 19/20 foron:

MTB2.4.2. Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, 100 a partir calquera número e de cadencias 5, 25 e 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50.

MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.

MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.

MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas

MTB4.2.2. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, radio e diámetro.

MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.

MTB4.4.1. Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo.

MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas

2.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	BLOQUE *				
U1	OS NÚMEROS NATURAIS	Definición e uso dos números naturais. Comparación e ordenación de números naturais. Números ata 6 cifras e números de máis de 6 cifras. Aproximación e redondeo. Sistema de numeración romano.	Contidos edixgal	SETEMBRO	10
U2	OPERACIÓNS CON NÚMEROS NATURAIS	Suma e resta de números naturais. Propiedades. Multiplicación de números naturais. Propiedades. División de números naturais. Propiedades. Xerarquía nas operacións de números naturais. Operacións de números naturais combinadas.	Contidos edixgal	OUTUBRO	12
U3	NÚMEROS DECIMAIS	Definición e uso dos números decimais. Comparación e ordenación de números decimais. Aproximación de números decimais. Suma e resta de números decimais. Propiedades. Multiplicación de números decimais. Propiedades. División de enteiros con	Contidos edixgal	NOVEMBRO	12

		cociente decimal. División dun decimal entre un enteiro.			
U4	FRACCIÓN	Definición e uso das fraccións. Fraccións equivalentes: que son e como se obteñen. Suma e resta de fraccións. Propiedades. Suma e resta de unidades e fraccións. Multiplicación dun número natural por unha fracción. Fracción dunha cantidade. Fraccións decimais	Contidos edixal	DECEMBRO	12

2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		BLOQUE *			
UD 5	MEDIDA DA LONXITUDE	Lonxitude: definición, uso e unidades de medida. Cambios de unidade. Expresións complexas e incomplexas. Operacións con medidas de lonxitude. Propiedades.	Contidos edixal	XANEIRO	12
UD 6	MEDIDA DE CAPACIDADE E MASA	Capacidade: definición, uso e unidades de medida. Masa: definición, uso e unidades de medida. Cambios de unidade. Expresións complexas e incomplexas. Operacións con medidas de capacidade e masa. Propiedades.	Contidos edixal	MARZO	10
UD 7	MEDIDA DO	Tempo: definición e uso. Unidades de medida: tempo histórico, horas,	Contidos edixal	MARZO	10

	TEMPO	minutos e segundos. Expresións complexas e incomplexas. Operacións con medidas de tempo. Propiedades.			
UD 8	MEDIDA DE SUPERFICIE	Superficie: definición e uso. Unidades de medida. Área dos paralelogramos. Área dos triángulos.	Contidos edixgal	ABRIL	10

3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
		BLOQUE *			
UD 9	ÁNGULOS	Ángulos: definición e uso. Medida de ángulos. O grao. Clases de ángulos. Ángulos complementarios e suplementarios.	Contidos edixgal	ABRIL	12
UD 10	FIGURAS PLANAS	Os polígonos. Os triángulos. Os cuadriláteros. A circunferencia e o círculo. Figuras con eixe de simetría	Contidos edixgal	MAIO	8
UD 11	ORIENTACIÓN NO PLANO E NO ESPAZO	Escalas. A cuadrícula do plano. Posición no plano. Simetrías e xiros no plano. Posición no espazo. Simetrías e xiros no espazo.	Contidos edixgal	MAIO	8
UD 12	REPRESENTACIÓN DE DATOS	O azar. Tabla de frecuencias. Diagrama de barras. Polígono de frecuencias. Diagrama de sectores. A media e a moda. O rango.	Contidos edixgal	XUÑO	8

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

Aspectos xerais:

A metodoloxía basearase na aprendizaxe cooperativa, activa-participativa e con carácter lúdica e dinámica na que os alumnos/as sexan os protagonistas das súas aprendizaxes.

Este curso 2020/2021 iniciáremonos no 5º curso co **proxecto E-DIXGAL**. Co fin de preparar ao noso alumnado para traballar de xeito óptimo con esta plataforma adicaremos certo tempo do primeiro trimestre a explicar determinados aspectos que van precisar tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

Programaranse ademáis actividades encaminadas a traballar “O Camiño de Santiago” (tema anual do centro).

Estratexias metodolóxicas

Flexibilizaranse os tempos de traballo, as tarefas secuenciaranse gradualmente en función das dificultades, traballarase con responsabilidades e cargos, o diario de equipo do traballo cooperativo fixará os obxectivos de grupo e persoais a cumprir.

As probas escritas de cada tema poderán ser orais ou adaptadas ás necesidades. Partiremos do entorno inmediato do alumnado con fontes de interese que motiven e axuden nas aprendizaxes.

Exemplo de secuenciación de traballo na aula:

- Posta en común de ideas xa adquiridas a modo de avaliación inicial.
- Explicación de titor/a.
- Investigación de datos, contidos gramaticais, vocabulario específico,...
- Traballo individual/equipo.
- Posta en común.
- Autoavaliación das aprendizaxes.

Outras decisións metodolóxicas:

Traballo cooperativo, agrupamentos: Ao traballar coas dinámicas e estruturas de traballo cooperativo formaranse agrupamentos de catro ou tres alumnos.

Tempos:

Serán flexibles e sempre dando tempo segundo as necesidades ou características de cada alumno.

Espazos:

A propia aula terá a posibilidade de ter o entorno dixital. Utilizaranse, se as circunstancias o permiten, diferentes rincóns da aula: zona de biblioteca, pdi,...

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino:**

Ao estar traballando na aula co proxecto E-dixgal empregaremos co alumnado de 5º a plataforma EVA- Edixgal.

- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica.

- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL:**

Data prevista de realización: As dúas primeiras semanas do curso serán adicadas á avaliación inicial. Entre o 14 e o 25 de setembro.

Tipo de proba.

A proba consistirá en varias partes:.

- PROBA ESCRITA con repaso de contidos de 4º de primaria.

Mecanismo para informar ás familias

Utilizaranse notas escritas, correos electrónicos e titorías presenciais en horario de martes de tarde.

Consecuencias dos resultados das probas:

- Coordinarse co departamento de orientación para adoptar as medidas máis axeitadas cós alumnos que o presisen.
- Realizaranse cambios metodolóxicos segundo os datos atopados en ditas avaliacións e consultados os informes correspondentes.
- Informar ás familias.

•AVALIACIÓN CONTINUA:

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

A periodicidade coa que se farán as probas escritas versará tamén no ritmo de aprendizaxe que marque o grupo-clase polo que pode variar ao longo do curso. En primeira instancia está preparada para realizarse unha proba escrita cada un ou dous temas rematados.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

A avaliación seguirá o seguinte patrón:

- Probas escritas con avaliación de contidos: 60%
- Tarefas escolares (orais, cadernos, traballos, apuntes e participación): 20%
- Grao de atención, comportamento e actitude: 20%

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

A observación: se trae o material necesario para as clases, se participa activamente, se traballa de xeito cooperativo, se cumpre os obxectivos previstos no diario de equipo, actitude ante o traballo e ritmo do mesmo. Esta información recollerase nas listas de control.

Empregaranse tamén as rúbricas dos diarios de equipo.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

- Media das probas escritas e contarán un 60%
 - PRESENTACIÓN : 10%
 - ORTOGRAFÍA: 10%
 - CONTIDOS: 40%
- Tarefas escolares que contará un 40%:
 - Presentación das tarefas: 5%
 - Ortografía: 5%
 - Contidos: 10%
 - Participación:10%

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
		1ª	2ª	3ª				
1 PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS (20%)	MTB1.1.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.				Proba escrita e observación	Os identifica en contextos funcionais-	3,33%	CMCT CAA
	MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso.				Proba escrita e observación	Realiza estimacións	3,33%	CMCT CAA
	MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.				Proba escrita e observación	Aplica estratexias	3,33%	CMCT CAA CSIEE
	MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.				Proba escrita e observación	Formula preguntas	3,33%	CMCT CAA CCL
	MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.				Proba escrita e observación	Toma decisión	3,33%	CMCCT CAA
	MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.				Proba escrita e observación	Xeneraliza os procesos desenvoltos	3,33%	CAA CMCCT

2 NÚMEROS (40%)	MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CCEC
	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA CL
	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA CL
	MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
	MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
	MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
	MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.			Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT

MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CCL
MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA
MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA
MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT

MTB2.6.3. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.6.4. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.6.5. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.6.6. Calcula o mcm e o mcd.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.6.7. Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT
MTB2.6.8. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA
MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA
MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA CL CSIEE

	MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,7	CMCT CAA CLL CSIEE
3 MEDIDA (20 %)	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.				Proba escrita e observación	Si/NON	2	CMCT CCL CAA
	MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.				Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.				Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.2.2. Expressa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.				Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.				Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT

	MTB3.2.4. Compara superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.			Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.			Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.4.1. Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.			Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.4.2. Mide ángulos usando instrumentos convencionais.			Proba escrita e observación	SI/NON	2	CMCT
	MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.			Proba escrita e observación	Resolve problemas de medida	2	CMCT CAA CSIEE

4 XEOMETRÍA (9 %)	MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT
	MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT
	MTB4.1.3. Realiza ampliacións e reducións.			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT
	MTB4.2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT
	MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT CAA
	MTB4.3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT
	MTB4.3.2. Utiliza a composición e descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras.			Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT

	MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.				Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT CAA CCL CSIEE
	MTB4.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.				Proba escrita e observación	SI/NON	1	CMCT CAA
E 5. ESTADÍSTICA PROBABILIDADE (11%)	MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT CAA
	MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT CAA
	MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT CAA CCL

	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.				Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT	
	MTB5.3.2. Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías...).				Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT CAA	
	MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.					Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT CAA CCL CSIEE
	MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.					Proba escrita e observación	SI/NON	1,57	CMCT CAA CCL CSIEE

- **Instrumentos de avaliación:**

Empregaranse para avaliar aqueles que aparecen recollidos nas táboas do apartado anterior.

- **Criterios de promoción do alumnado:**

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

CRITERIO NUMÉRICO:

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

CRITERIOS PEDAGÓXICOS:

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

CRITERIO	Non promociona		Promociona	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promociona		Non promociona	
	4	3	2	1
4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio

4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCEC	-----
CCL	<p>MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</p> <p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</p> <p>MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p> <p>MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p>

CAA	<p>MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes</p> <p>MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso</p> <p>MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.</p> <p>MTB1.3.2. Iníciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas</p> <p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</p> <p>MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.</p> <p>MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p> <p>MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.</p> <p>MTB4.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p> <p>MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.</p> <p>MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas</p>
CD	.
CSIEE	<p>MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p> <p>MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p> <p>MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.</p>

CMCT	<p>MTB1.1.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.</p> <p>MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso</p> <p>MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.</p> <p>MTB1.3.2. Iníciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas</p> <p>MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</p> <p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> <p>MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros</p> <p>MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</p> <p>MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p> <p>MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</p> <p>MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</p> <p>MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</p> <p>MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.</p> <p>MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.</p> <p>MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais.</p> <p>MTB2.6.4. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.</p> <p>MTB2.6.3. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.</p> <p>MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p> <p>MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.</p> <p>MTB4.3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</p> <p>MTB4.3.2. Utiliza a composición e descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras</p> <p>MTB4.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p> <p>MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.</p> <p>MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas</p>
CSC	

LEENDA COMPETENCIAS:

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CD	Competencia dixital.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

•INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				

7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará.**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**

Indicadores:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as				

consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención á diversidade “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.”

•MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <p>Alumnado con NEAE: TDAH (2 casos), TEA (1 caso) ALTAS CAPACIDADES (2 casos) WILLIAMS BEURER (1 caso)</p> <p>Realizaranse cambios metodolóxicos na aula: ubicación, grupo de alumnos do traballo cooperativo, permisión de zonas de traballo</p>	<ul style="list-style-type: none"> Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. <p>Levarase a cabo o traballo cooperativo nas aulas con agrupamentos de 4/3 alumnos.</p> <p>Reparto de cargos (secretario, coordinador, axudante e intendente)</p>

<p>alternativas, movementos pautados.</p> <p>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. Os tempos de traballo serán modificados contando coas necesidades de cada alumno/a en particular..</p> <p>b) Espazos diferenciados. Ao traballar con portátiles precisarán realizar pequenos cambios de espazos.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. Abano de opcións no espazo eva.edu.xunta.gal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desdoblamento de grupos. • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. <p>Contaremos cunha especialista de PT que reforzará dentro das aulas en primeira instancia e fóra das aulas cando sexa preciso.</p>	<p>Programa TEI de tutoría entre iguais. Programa PROA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. <p>Secuenciación de contidos e presentación das tarefas en pequenas doses.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.
--	---

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia.

<p>Debido ás necesidades do alumnado de 5º serán 6 alumnos os que precisen apoio directo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<p>1 alumno ten Adaptación Curricular Individualizada Significativa (ACIS).</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.
---	--

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias do nivel aparecen recollidas no apartado correspondente da PXA.